

Convocatoria de tres bolsas para Persoal para Formación Erasmus+ KA 131 (curso 2024-2025)

O programa Erasmus+, ten como obxectivo atender ás necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes en educación superior, calquera que sexa a duración da carreira ou cualificación, incluídos os estudos de doutorado, así como ás institucións que imparten este tipo de formación.

Os seus obxectivos específicos son apoiar a realización dun Espazo Europeo de Educación Superior e reforzar a contribución da educación superior ao proceso de innovación.

1. Obxecto da convocatoria

Concesión de **3 bolsa Erasmus + K131** de **Mobilidade de Persoal para Formación** (*Staff Mobility for Training Mobility Agreement*) mediante un período de observación "*job shadowing*" nunha empresa ou nun centro dun país pertencente ao Programa Erasmus+ KA103, cunha duración total de **cinco días** (sen contar viaxes) dentro do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-00116374.

2. Destinatarios

Persoal con destino no CIFP Compostela durante o curso 2024-2025, interesado en realizar unha estadía formativa de 5 días de duración nunha empresa ou centro, en período de observación "*job shadowing*" no ámbito da Unión Europea ou en países do Programa non pertencentes á UE (ver apartado "País e empresa de destino"). Importante: a concesión da bolsa queda suxeita a que no momento de comezo de realización da estadía formativa, o docente teña como destino o CIFP Compostela, ben sexa de xeito provisional ou definitivo.

3. Requisitos para participar na selección

- Ser persoal do CIFP Compostela (con carácter definitivo ou provisional) durante o curso 2024/2025
- Posuír un coñecemento suficiente do idioma en que se recibirá a formación no país de acollida ou ben en inglés (lingua vehicular da UE).
- Presentar un proxecto de actividade correspondente a formación a realizar coa empresa ou centro de destino concertado, no que se inclúan: obxectivos xerais e específicos da mobilidade, programación de actividades e calendario previsto, relación da mobilidade coa especialidade impartida, resultados esperados e aplicación dos resultados na aula. O proxecto será individual, cada candidato/a debe presentar e rexistrar o seu proxecto aínda que varios/as candidatos/as presenten unha actividade ou destino común. A bolsa é individual.
- O persoal da especialidade de Orientación Educativa ou da especialidade de Formación e Orientación Laboral se presenta un proxecto de actividade baixo o programa de mobilidade ACADEMIA do Ministerio de Educación e Formación Profesional deberá indicar unha outra actividade alternativa a esta por senón resultara posteriormente seleccionado/a no devandito programa e si para a presente bolsa Erasmus + KA 131.
- Presentar a solicitude e documentación solicitada dentro do prazo previsto.

4. Contía da bolsa

O persoal recibirá unha axuda como contribución aos seus gastos de viaxe, conforme aos importes establecidos na Guía do Programa 2023 e unha axuda de subsistencia durante o período de estancia noutro país, cuxo importe dependerá do nivel de vida do país de destino, segundo os grupos que se describen a continuación:

Países de destino	Contía diaria das axudas
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia. Países no asociados ao Programa da rexión 14: Illas Feroe, Reino Unido, Suíza	120€/día
Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal. Países non asociados ao Programa da rexión 13: Andorra, Estado da Cidade do Vaticano, Mónaco, San Marino	105€/día
Macedonia do Norte, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	90€/día

Ademais da contía en concepto de axuda á mobilidade tamén se lle engadirá a axuda da viaxe que dependerá esta da distancia entre o punto de partida onde está situada a organización emisora (Santiago de Compostela) e o lugar de destino da mobilidade.



5. Período de estancia

Duración de 5 días, excluídos os 2 días de viaxes. A mobilidade deberá realizarse no presente curso ata o 19 de xuño de 2025

6. Prazo e presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do **5 de novembro 2024 ao de 03 de decembro 2024**, ámbolos dous incluídos.

O persoal interesado presentará a solicitude en Secretaría, xunto cunha copia do DNI, copia da certificación de idioma (se fose o caso) e proxecto da formación a realizar.

7. Documentos necesarios para participar no proceso de selección

- Solicitude de participación (consultar na web do centro www.cifpcompostela.gal en [novas](#) ou en [Programas Internacionais](#)), copia de DNI ou equivalente, certificado de idioma se fose o caso e proxecto de actividade correspondente a formación a realizar no país de destino, no que se inclúan: obxectivos xerais e específicos da mobilidade, programación e calendario con actividades previstas, relación da mobilidade coa especialidade impartida, resultados esperados e aplicación dos resultados na aula.
- A solicitude débese entregar na Secretaría do centro, dentro do prazo establecido.

8. Criterios de selección e valoración dos candidatos

Para a valoración das solicitudes e a adxudicación da bolsa, o profesorado someterase a un proceso de selección no que se valorará:

CONSIDERACIÓNS PARA ACCESO Á BOLSA		Puntos máximo	TOTAL PUNTUACIÓN
1	Anos de servizo activo como funcionario/a de carreira (1)	1	
2	Anos de antigüidade no CIFP Compostela (1)	1	
3	Coñecemento demostrado da lingua relacionadas coa mobilidade e país de destino ou inglés (lingua vehicular UE) (2)	3	
4	Compromiso para a información e formación do colectivo ou departamento ao que pertence (presentación dun proxecto de actividade lectiva relacionado coa formación) (3)	Ata 4	
5	Non ter participado en proxectos europeos nos dous últimos cursos (2021-2022/ 2023-2024)	1	
TOTAL PUNTUACIÓN		10	

(1) Por cada ano de servizo ou fracción 0,5 puntos, cun máximo de 1 punto.

(2) Presentarase certificación acreditativa do nivel de idioma do país de destino ou de inglés (lingua vehicular UE). Baremo: B1 ou menos: 1 punto, B2: 2 puntos e C1 ou superior: 3 puntos. Máximo: 3 puntos.

(3) Presentarase un proxecto de actividade lectiva correspondente a formación a realizar no país de destino, no que se inclúan: obxectivos xerais e específicos da mobilidade (1 punto), programación e calendario previsto (1 punto), relación da mobilidade coa especialidade impartida (1 punto), resultados esperados e aplicación dos resultados na aula (1 punto).

NO CASO DE ACADAR EMPATE NA PUNTUACIÓN TOTAL, DARASE PRIORIDADE, POLA SEGUINTE ORDE:

1º Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.

2º Profesorado que sexa titor/a da FCT

Unha vez valoradas todas as solicitudes publicarase a resolución no taboleiro de anuncios. Contra esta resolución os interesados poderán presentar unha solicitude de revisión, ante a Dirección do Centro, no prazo de 10 días lectivos contados a partires da data de publicación.

9. Recoñecemento da formación

O profesorado recibirá un Certificado de Mobilidade ao finalizar á súa formación.

